



PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe Calasancias

A CORUÑA

[Versión 1.01 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Colexio CPR Plurilingüe Calasancias
- Dirección: Estrada Os Fortes, 15011, A Coruña
- Correo: secre@colexiocalasancias.com
- Páxina Web do centro: <http://www.colexiocalasancias.com>
- Etapas educativas:
 - Infantil.
 - Educación Primaria.
 - Educación Secundaria.
 - Bacharelato.
- Alumnado de Infantil: 98
- Alumnado de Educación Primaria: 294
- Alumnado de Educación Secundaria: 220
- Alumnado de Bacharelato: 55
- Profesorado de Infantil: 8
- Profesorado de Primaria: 16
- Profesorado de Secundaria: 18
- Profesorado de Bacharelato: 10

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

• O CPR Plurilingüe Calasancias está situado na Estrada dos Fortes, en A Coruña. Os barrios máis próximos a el son: Labañou, e S. Pedro de Visma (que xa existían cando se fundou o colexio) e Los Rosales, de creación máis recente. Estamos nunha zona que, a nivel educativo, presenta unha oferta variada: dous centros concertados-privados, dous centros públicos de infantil e primaria, dous centros públicos de secundaria e bacharelato, e un centro de formación profesional. Ademais, na mesma Estrada dos Fortes levántase un centro comercial, e nos barrios sinalados anteriormente cabe destacar a presenza da pequena empresa (comercio e servizos). Finalmente, é importante sinalar a proximidade da Escola Oficial de Idiomas, o Centro de Formación e Recursos, a Escola de Música, etc.

- –Características do centro

• O CPR Plurilingüe Calasancias é un centro privado-concertado con ideario propio que dá resposta ó desexo de educación cristiá que manifestan moitas familias. En actitude de respecto, permanece aberto a todo o que desexe o tipo de educación que nel se imparte. Fundamenta o seu labor educativo nun concepto cristián da persoa e do mundo.

- As alumnas e os alumnos son os principais protagonistas da acción educativa, a súa razón de ser e o seu estímulo. Participan activamente de acordo coas esixencias propias da súa idade na vida do centro.
- Promóvense todas aquelas actividades escolares e extraescolares que favorecen a educación no tempo libre e espertan interese e afeccións segundo as diversas idades do alumnado. Favorécese, tamén, a posibilidade de expresarse de forma plurilingüe de acordo á realidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os docentes son os principais educadores dos alumnos no colexio. Colaboran e interveñen activamente no centro a través dos órganos que se establecen no Regulamento de Réxime Interno. O persoal de Administración e Servizos constitúe unha parte importante da Comunidade Educativa e presta unha valiosa colaboración a toda ela.
- O colexio cumpre os requisitos para a implantación da E. Infantil, E. Primaria e E. Secundaria Obrigatoria. Ademais, impártese a etapa post-obrigatoria de Bacharelato, ofertándose dúas das tres modalidades: Humanidades e Ciencias Sociais, e Ciencias. É un centro integrado no que se imparte o ensino en todos estes niveis educativos.
- Desde setembro de 2012 pasa a formar parte da rede galega de centros plurilingües, denominándose CPR Plurilingüe Calasancias.
 - –Características das familias
 - O nivel socio–económico e cultural das familias é dun nivel medio, aínda que hai familias de todos os estratos sociais e de todos os niveis económicos e culturais.
 - - Características do alumnado
 - Maioritariamente, as alumnas e alumnos que se escolarizan no centro pertencen a familias de nivel medio-baixo. Son unha terceira xeración de escolarización neste centro, con formación media. Aínda que non destacan maioritariamente necesidades específicas moi significativas, son cada vez máis os alumnos/as que precisan dunha atención individualizada ou apoio específico.
 - Con respecto ó alumnado estranxeiro, a presenza deles non é significativa. Nos últimos tres anos foron incorporándose ó colexio alumnos/as de etnia xitana que pertencen ó poboado do Portiño, que está no noso entorno.
 - –Características dos educadores
 - O persoal docente está formado por 44 profesores, dos cales 2 son relixiosas e os restantes son laicos. Cabe destacar que un grupo significativo de profesores son antigos alumnos de colexios calasancios de Galicia.
- As Tics como ferramenta e medio pedagóxico forman parte do centro dende hai xa moitos anos, a infraestrutura necesaria e a súa utilización na docencia están perfectamente despregadas en todas as etapas educativas que se imparten no centro, e atópanse en constante renovación e mellora. O plan Dixital mencionase no Proxecto Educativo como vinculo transversal e ferramenta complementaria que axuda na aplicación de outros plan como o Lector o de Convivencia e as medidas de atención a

diversidade. Do mesmo modo a formación en novas tecnoloxías pedagóxicas e as tics forman parte do programa de formación do profesorado do centro.

- Cos obxectivos obtidos na preparación de este Plan Dixital pretendese contribuír a construción da Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O PD do Centro foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital; formado por a Dirección Pedagóxica do centro, Administración, Secretaria, Xefatura de estudos e Coord. Tics; o longo de diferentes sesións durante o curso 2021_22.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro conta con enlace troncal de fibra óptica. Todas as aulas e dependencias do centro contan con acceso a Internet a través da rede sen fíos e vía cable tanto ó posto do profesorado (VLANs) como para o acceso do alumnado.
- Todas as aulas vinculadas a docencia contan cun ordenador de sobremesa no posto do profesor, lousas dixitais e proxectores de imaxe. Os servizos de administración e secretaria, posto de recepción e despachos dos membros do Equipo Directivo contan con equipos de sobremesa. Os equipos atópanse renovados e operativos. A biblioteca do

centro, as aulas de Conferencias e Reunións conta con ordenador de sobremesa e proxectores de imaxe para o traballo co alumnado.

- O centro conta ademais con dúas aulas de informática dixitais que están dotadas con ordenadores de sobremesa para o profesorado e os alumnos xunto con proxector de imaxe e lousa dixital.

- Os alumnos de 5º e 6º de Ed. Primaria e 1º e 2º de Ed. Secundaria teñen acceso a dispositivos portátiles, aproveitando os recursos Edixgal destinados o centro.

- Os alumnos de 3º e 4º de Ed. Primaria e 3º e 4º de Ed. Secundaria teñen acceso a dispositivos portátiles propios que usan no centro.

- O centro ten páxina Web propia e Redes Sociais. Os alumnos teñen unha conta de correo corporativa e acceso a aula virtual e outras aplicacións de Google Workspace e Microsoft Office 365. O centro comunícase coas familias, que así o soliciten, a través dunha plataforma educativa de comunicación.

- O centro ten contratada unha empresa externa encargada do mantemento dixital e tecnolóxico, en comunicación e coordinación co Equipo Tics e o Equipo Directivo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		Primaria	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	4.5	4	4
	Profesorado	3.1	4.2	3.9
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.2	4	3
	Profesorado	2.6	3.4	3.9
	Alumnado	3.9	2.8	3.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.8	4	4
	Profesorado	3.7	4.4	3.8
	Alumnado	4.6	3.7	3.9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.5	4	3
	Profesorado	3	3.7	3.4
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5	3.3	3
	Profesorado	4	4.4	4.5
	Alumnado		4	4.2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4	3	2.8
	Profesorado	3.5	3.7	4
	Alumnado	4	3.3	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.3	3	3
	Profesorado	3.3	3.1	3.7
	Alumnado		2.8	3.4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.4	3	3
	Profesorado	3.4	4.1	3.6
	Alumnado	4.4	3.4	4

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>9</u>	<u>50</u>	<u>18%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>76.4</u>	<u>B1</u>	<u>76.4</u>	<u>B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	<u>52.5</u>	<u>A2</u>	<u>68.2</u>	<u>B1</u>
EP	<u>89.3</u>	<u>B1</u>	<u>77</u>	<u>B1</u>
ESO	<u>70.6</u>	<u>B1</u>	<u>79.2</u>	<u>B1</u>
BAC				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>4</u>	<u>44.4%</u>
B1	<u>3</u>	<u>33.3%</u>
B2	<u>1</u>	<u>11.1%</u>
C1	<u>1</u>	<u>11.1%</u>
C2		
TOTAL	<u>9</u>	<u>99.9%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No noso centro a infraestrutura dixital esta completamente despregada e dispón de asistencia técnica que posibilita a adopción de novas tecnoloxías dixitais.	
	PERSOAL DOCENTE	No noso centro buscamos e creamos novos recursos educativos e de aprendizaxe dixitais para reforzar os noso métodos de ensino e probamos novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais. No noso centro temos institucionalizado dende hai moitos anos un plan anual de mellora e formación do profesorado.	Na etapa de BAC faise necesario utilizar as tecnoloxías dixitais para axudar a fomentar a creatividade do alumnado Na etapa da ESO habería que aumentar a creación de recursos dixitais para reforzar os método de ensino Na etapa de Primaria no noso centro deberíamos compartir as nosas experiencias, vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	Todas as tarefas e procesos non docentes do noso centro están totalmente integradas cos procesos dixitais.	
	ALUMNADO	No noso centro están completamente despregados os dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.	Compre seguir de forma continua coa implementación dos protocolos de seguridade no ámbito dixital.
	FAMILIAS		Compre ofertar as familias de forma continua unha formación básica no ámbito educativo-dixital.
	OFERTA	O noso centro conta con medios dixitais e variadas ofertas de aprendizaxe baseadas en tecnoloxías e contidos dixitais en todas as etapas.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	No noso centro contamos cunha estratexia dixital global (dentro do noso proxecto educativo) que implica ao profesorado e o equipo directivo á hora de traballar o proceso de ensino - aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Non existe medios nin dotación horaria asignados por parte da administración para a realización das exixencias ou planes propostos pola mesma. A burocracia administrativa non encaixa cos nosos organigramas internos e a nosa dinámica; o que frea e dificulta os procesos.
	LEXISLACIÓN	No noso centro temos despregados e auditados os protocolos de seguridade, confidencialidade e os sistemas de protección de datos.	
	CONTORNA	A ANPA do centro colabora totalmente co centro implicándose na adopción e compra de novas dotacións de material para o ensino dixital.	
	ANPA	A situación do centro e a súas relacións coa contorna permítenlle colaborar con numerosas ONGues e asociacións locais.	
	OUTRAS ENTIDADES	No centro traballamos con asociacións locais orientadas a comunidade: Banco de Alimentos, protectora de animais...	

3. Plan de Acción

O plan de acción deste Plan Dixital de Centro formúlase tendo en conta os recursos materiais e humanos presentes no centro no momento de elaboración do Plan. Os Obxectivos elaborados suporán unha mellora do uso dos recursos dispoñibles e continuarán coa liña de mellora e substitución de equipos e infraestruturas.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir do documento obtido dos datos aportados polo programa SELFIE, realizando un análise específico das necesidades que este presenta e así obtense un DAFO que mostra as vantaxes ou fortalezas, as debilidades, oportunidades e ameazas.

A partir destas análises e concrecións, establécense as seguintes áreas prioritarias de mellora coincidentes e en relación coas do marco GigCompOrg:

- B. Colaboración e redes.
- C. Infraestrutura e equipos.
- D. Desenrolo profesional continuo.
- E. Pedagogía: Apoios e recursos.
- F. Pedagogía: Implementación na aula.

Estas áreas prioritarias tradúcense a obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal preciso, que serán os que pretendemos conseguir.

Obxectivos específicos presentes no PA deste Plan Dixital:

Incorporar na etapa de BAC as tecnoloxías dixitais para acadar a integración dixital do alumnado da etapa.

Incentivar a creación de recursos pedagóxicos dixitais para o reforzo dos métodos de ensino dixitais na ESO.

Compartir as experiencias nos proxectos e tecnoloxías dixitais na etapa de Primaria.
Revisión dos protocolos de seguridade dixitais con periodicidade axeitando os mesmos as necesidades presentes.

Ofertar un plan de formación básico no ámbito educativo dixital as familias do alumnado.

Levar a cabo a transición o entorno Google-Chromebooks nas etapas de Primaria e Secundaria.

Formar o profesorado dos ciclos de EP e ESO na contorna Google educación.
Formar o equipo de Coordinación Tics, Administración e Secretaria na supervisión da consola de administración Google.

Formar o profesorado no uso da consola da plataforma de control de aula, dispositivos e contidos.

Para comprobar a realización destes obxectivos establecemos os seguintes indicadores:

- N.º de materias con contidos creados e compartidas na aula virtual.
 - N.º de contidos publicados nas materias da etapa na Aula virtual do centro.
 - N.º de proxectos e experiencias publicados ou compartidos na Rede ou outros foros.
- Peche completo do sistema de seguridade do centro.

- N.º de recursos de formación para as familias planificado e executado no curso académico 2022/23.

Engadir novas metodoloxías co entorno Google Classroom-Chromebooks en Primaria e Secundaria.

Formación continuada no entorno Google Classroom-Chromebooks.

Formación no entorno Administrativo Google Classroom-Chromebooks.

Adquisición de destrezas no uso da plataforma de control de aula e contidos.

A partir destes indicadores desenvólvense as accións necesarias nas táboas adxuntas.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Reposición de equipos de alumnado en aulas informáticas ademais das áreas de xestión e administración do centro. (Aproximadamente o 50% deste equipamento necesita ser substituído por antigüidade)

Remodelación do equipamento dixital de aula (lousas dixitais interactivas, proxectores e equipos multimedia que por antigüidade tamén é necesaria a súa substitución; aproximadamente un 75% deles.

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": E – Pedagogía: Apoio e recursos						
1. OBXECTIVO :	Incentivar a creación de recursos pedagóxicos dixitais para o reforzo dos métodos de ensino dixitais na ESO.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO	N.º de contidos publicados nas materias da etapa na Aula virtual do centro.					
Valor de partida	6 materias con contidos dixitais completos na aula virtual.					
Valor previsto e data	9 materias con contidos dixitais completos na aula virtual.			2º trimestre do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1- Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar o plan de acción.	Xefatura estudos.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2- Determinación das areas e o número de materias a enrolar.	Grupo de traballo.	1º Trimestre 2022/23	Actas de reunión. Materias elixidas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Publicación dos contidos das materias na Aula virtual do centro.	Grupo de traballo.	2º Trimestre 2022/23	Contidos da Aula Dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E – Pedagogía: Apoios e recursos						
2. OBXECTIVO:	Compartir as experiencias nos proxectos e tecnoloxías dixitais na etapa de Primaria.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO:	N.º de proxectos e experiencias publicados ou compartidos na Rede ou outros foros.					
Valor de partida:	0 proxectos compartidos.					
Valor previsto e data:	2 proxectos compartidos.			Ao remate do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar o plan de acción.	Equipo Directivo.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Determinación das experiencias ou proxectos a compartir.	Equipo TIC/Equipo docente	1º Trimestre 2022/23	Actas de reunión. Proxectos e experiencias elixidas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Publicación das experiencias e proxectos nas redes.	Coordinador TIC.	3º Trimestre 2022/23	Redes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C - Infraestrutura e equipos						
3. OBXECTIVO:	Revisar os protocolos de seguridade dixitais con periodicidade axeitando os mesmos as necesidades presentes.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO:	Peche completo do sistema de seguridade do centro.					
Valor de partida:	Sistema de control por Firewall software e hardware nas redes do centro.					
Valor previsto e data:	Engadir a funcionalidade dun sistema de control de aula e contidos.			1º Trimestre do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar o plan de acción.	Equipo Directivo.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Implantación do sistema de control de aula e supervisión de contidos.	Equipo TIC.	1º Trimestre 2022/23	Mantemento informático, software específico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Execución e proba do entorno e formación do profesorado implicado.	Equipo TIC.	1º Trimestre 2022/23	Mantemento informático, software específico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H - Competencias dixitais do alumnado

4. OBXECTIVO:	Levar a cabo a transición o entorno Google-Chromebooks nas etapas de Primaria e Secundaria.	Acadado
Responsable:	Equipo TIC / Equipo Directivo	Non acadado
INDICADORES DO OBXECTIVO:	Engadir novas metodoloxías co entorno Google Classroom-Chromebooks en Primaria e Secundaria.	
Valor de partida:	Entorno Google Classroom-Chromebooks despregado en 3º-4º de Educación Primaria.	
Valor previsto e data:	Entorno Google Classroom-Chromebooks despregado en 5º EP e 1º ESO.	3º trimestre do curso 2022/23

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar o plan de acción.	Equipo Directivo.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.2: Despregue do entorno Google Classroom-Chromebooks.	Equipo TIC/Equipo docente.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria, Recursos dispoñibles, software e hardware dedicado e formación básica.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.3: Utilización conxunta do entorno novo co xa dispoñible.	Equipo TIC/Equipo docente.	3º Trimestre 2022/23	Convocatoria, Recursos dispoñibles, software e hardware dedicado e formación básica.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: D- Desenvolvemento profesional continuo

5. OBXECTIVO:	Formar o profesorado dos ciclos de EP e ESO na contorna Google educación.	Acadado
Responsable:	Equipo TIC / Equipo Directivo	Non acadado
INDICADORES DO OBXECTIVO:	Formación continuada no entorno Google Classroom-Chromebooks.	
Valor de partida:	0 recursos de formación (formacións) no curso académico 2021/22 en 3º-4º de Educación Primaria.	
Valor previsto e data:	2 recursos de formación (formacións) no curso académico en 5º EP e 1º ESO.	3º trimestre do curso 2022/23

ACCIONES A DESENVOLVER

DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A05.1- Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar o plan de acción.	Equipo Directivo.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A05.2- Implantación do plan de formación e supervisión de contidos.	Equipo TIC.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria, Recursos dispoñibles, software e hardware dedicado e formación básica.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A05.3- Realización de dúas actividades formativas.	Xefatura de Estudos/Equipo TIC.	3º Trimestre 2022/23	Convocatoria, Recursos dispoñibles, software e hardware dedicado e formación básica.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: D- Desenvolvemento profesional continuo

6. OBXECTIVO:	Formar o profesorado no uso da consola da plataforma de control de aula, dispositivos e contidos.	Acadado
Responsable:	Equipo TIC / Equipo Directivo	Non acadado
INDICADORES DO OBXECTIVO:	Adquisición de destrezas no uso da plataforma de control de aula e contidos.	
Valor de partida:	0 recursos de formación (formacións) no curso académico 2021/22.	
Valor previsto e data:	1 recursos de formación (formacións) no curso académico	1º trimestre do curso 2022/23

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO6.1- Establecer as datas da formación e as sesións a realizar.	Equipo Directivo.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO6.2- Establecer os contidos e os coñecementos e procedementos previos xa realizados na plataforma.	Equipo TIC.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria, Recursos dispoñibles, software e hardware dedicado e formación básica.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO6.3- Realización da actividade formativa.	Xefatura de Estudos / Coordinador TIC.	1º Trimestre 2022/23	Convocatoria, Recursos dispoñibles, software e hardware dedicado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

O seguimento do Plan Dixital de Centro estará supervisado polo Grupo de traballo creado para a súa redacción e o Coord. De Calidade do Centro, que recollerán a información dos diferentes grupos formados para a consecución de obxectivos concretos o longo do curso académico 2022_23.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, planifícase:

- Unha avaliación do proceso de consecución de obxectivos como mínimo unha vez ao trimestre. Entre os aspectos a valorar inclúiran o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Unha avaliación final ao finalizar o curso académico 2022_23. Os aspectos a considerar inclúiran, a valoración do logro dos obxectivos e os cambios introducidos durante a súa articulación ao longo do curso académico 2022_23; así como as propostas de mellora para o seguinte ano académico.

5. Difusión do plan

A difusión deste Plan Dixital farase a partires do ano académico 2022_23, integrando dito plan no Plan Xeral Anual de Centro, ao igual que os outros plans; dando publicidade ao mesmo dentro da Comunidade Educativa, así como a súa presentación ao Consello Escolar para a súa aprobación, ou no seu caso propostas de modificación.